

Máster en Xestión e Dirección Laboral

GUÍA PARA A PRESENTACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MASTER

(Aprobada pola Comisión do Máster, na súa sesión do 9 de xuño de 2022)

1. Presentación

Esta Guía describe os aspectos formais da presentación escrita do traballo de fin de máster (en adiante, TFM) que deberá presentar e defender todo o estudiantado da Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela que pretenda obter a titulación de Máster en Xestión e Dirección Laboral.

O traballo fin de máster, segundo establece o regulamento de TFM aprobado por Xunta de Facultade o 21 de outubro de 2016 e polo Consello de Goberno o 31 de xaneiro de 2017, consistirá na elaboración de forma individual por parte do estudante, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación. Incluirán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitación para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

O TFM é unha aportación orixinal, autónoma e individual de cada estudante e consistirá na elaboración dun traballo no que se acrediten coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Máster. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

2. Estrutura e requisitos formais

2.1. Estrutura

Os TFM estarán redactados en galego ou en castelán e terán unha extensión mínima de 10.000 palabras e deberán estruturarse, de acordo co establecido no artigo 14 do regulamento, nos seguintes apartados:

- Portada (ver anexo 1), na que constará o seguinte:
 - logotipo da facultade (logotipo dispoñible en https://www.usc.es/es/info_xeral/imaxeusc/descarga.html)
 - Traballo fin de Máster / Máster en Xestión e Dirección Laboral
 - Título completo do traballo
 - Autor/a
 - Titor/a
 - Ano Académico de presentación e oportunidade
 - A cor da portada será branca.
- Primeira páxina (ver anexo 2), na que aparecerán os mesmos datos que na portada, debendo constar o título en galego, español e inglés. A cor da primeira e restantes páxinas do traballo será branca.
- Índice de contidos (capítulos, apartados, táboas,...)
- Breve resumo (entre 200 e 300 palabras) en galego, castelán e inglés.
- Introducción, na que se fará referencia ós obxectivos do TFM
- Contidos
- Conclusións
- Bibliografía utilizada

O documento deberá presentar as características seguintes en canto o estilo do texto:

- Formato e estilo:
 - A paxinación do traballo se realizará a dobre cara e numerarase no marxe inferior e central, e o tipo será 1, 2, 3,...
 - Marxes: Esquerdo de 3 cm., Dereito de 3 cm., Superior de 2,5 cm., e Inferior de 2,5 cm.
 - Espazo interlineal de 1,5 líñas
 - Espazo anterior Automático e Espazo posterior Automático
 - Tipo de letra: Arial, de tamaño de 11 puntos
 - Aliñación: Xustificada completa

O alumnado depositará o TFM de xeito dixital a través da secretaría virtual e non é necesario o depósito do TFM impreso.

Notas: si se incorporasen notas, incluíranse a pé de páxina. Todas as citas bibliográficas no texto deberán utilizar un criterio uniforme (criterio APA, Harvard, MLA, UNE-ISO 690, etc.) e ser reflexadas nas referencias bibliográficas ó final do TFM, que estarán alfabeticamente ordenadas.

Anexo I



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

MÁSTER INTERUNIVERSITARIO
EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL (Arial 16)

TRABALLO DE FIN DE MÁSTER (Arial 16)

Título en galego (Arial 14)

ALUMNO/A: _____ (Arial 12)

DNI: _____

TITOR/A: _____

CURSO ACADÉMICO: 20__ / 20__ CONVOCATORIA: _____

Anexo II

**MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN Y DIRECCIÓN LABORAL
POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

Título en galego

Título en castelán

Título en inglés

Alumno/a:

Titor/a:

Santiago de Compostela,

Ano académico 20__ /20__, Convocatoria de _____.